



# BOP

LUNS, 6 DE FEBREIRO DE 2023

N.º30

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

## CONCELLOS

BURELA

*Anuncio*

### EXPEDIENTES 2013/2022 E 2014/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. NOVEMBRO 2022.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2023 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.445,69 €, correspondendo 1.114,60 € a libre concorrencia e 8.331,09 € a dependencia. Consente ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 25 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0284

## O CORGO

*Anuncio*

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira en monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
GONZALO DÍAZ BREA	POLÍGONO 33 PARCELA 91	CASTRILLÓN

O Corgo, 30 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0285

## COSPEITO

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Cospeito, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2023 a actualización do Inventario Xeral de Bens do Concello, ábrese un período de información pública por prazo de **1 mes**, contado a partir do seguinte de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na sede municipal, e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes.

Se non se presentan reclamacións neste período entenderase aprobado definitivamente.

Cospeito, 30 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Armando Castosa Alvarinho.

R. 0286

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 3º trimestre do ano 2022 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao terceiro trimestre do 2.022, terá lugar dende o días 15/02/2023 ao 15/04/2023 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- b) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 30 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0287

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial da modificación da RPT (8ª modificación). Texto refundido RPT. Expte: 29/2023**

Por acordo plenario de data 26/01/2023 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordó co proxecto de modificación puntual da RPT (Anexo I) e o Texto refundido da RPT ano 2023 (Anexo II).

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Guitiriz, 31 de xaneiro de 2023.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0288

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

En data 27 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Reiaprobou, por unanimidade, as seguintes bases de convocatoria de subvención:

#### **APROBACIÓN DE AXUDAS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS ABANDONADOS EN GARATUXA**

Aínda que cada vez a sociedade ten unhamaior sensibilización sobre a tenza responsable dos animais de compañía, o seu abandono segue a ser uns dos problemas de máis difícil solución co que se teñen que enfrontar os Concellosgalegos.

Aos problemas ambientaisxerados como consecuencia da conducta absolutamente irresponsable daqueles que abandonan os animais de compañía, engádense a enorme e insostible repercusión financeira que tal conducta implica para as facendaslocais.

En efecto, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de benestar dos animais de compañía de Galicia atribúeoosConcellos a obriga de soste con fondos públicos e de xeito ilimitado non soamente a recollida, senóntamén o sostemento dos animais abandonados durante toda a súa vida até a morte natural, xa que prohíbe a eutanasia animal salvo para supostostaxados.

Istoconlevaun gasto público inasumible, ao tempo que unha incidencia ambiental igualmente preocupante, xa que a meirande parte de estos animais son carnívoros, polo que para o seumantemento é necesario sacrificar ao longo da súa vida un sinnúmero de outros animais que para o ordeamentoxurídico non son tan dignos de protección pola única circunstancia cultural de que o ser humano non os considera de “compañía”.

Por tal motivo, a única solución para mitigar a situación creada é o fomento da adopción, de xeito que aquelaspersonas que queiran convivir cun can non acudan ao mercado para facerse con él, senón queacollan a aqueles albergados nos servizosmunicipais. De estexeitomellórase sustancialmente o benestar dos animais abandonados, ao tempo que se descarga á facenda local.

#### **PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS**

Base 1. Liñasxerais e dotación orzamentaria

O Concello de Outeiro de Rei convoca unha liña de axudas para todas aquelaspersonas, físicas ouxurídicas, que desexen adoptar algún dos cans abandonados recollidos e custodiados polo Concello de Outeiro de Reina Residencia canina Garatuxa.

O importe da axuda será de 100 euros por cada can adoptado.

A tal fin, autorízase crédito por importe de 1500 euros, que poderá ser ampliado até 3000 euros no suposto de que sexa insuficiente para atender átotalidade das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos regulados nas presentes bases.

Base 2. Réximexurídico

A relación xurdida da presente acción de fomento régúlasenaseguite normativa:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seuregulamento.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitosdixitais.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réximexurídico do sector público.

Base 3. Obxecto

3.1. Servizos, programas e actividades subvencionables

Serán obxectodesta convocatoria os gastos ocasionados con motivo da adopción de un can custodiado polo Concello de Outeiro de Reina residencia canina Garatuxa.

Os cans adoptados atópanse en perfectas condicións sanitarias, correctamente desparasitados e vaciados. Asemade, constan co microchip correspondente.

Os beneficiarios asumen o compromiso de non abandonar o can e de mantelo en boas condicións de benestar animal, suministrándolleunha alimentación correcta e dispensándolle os coidadosaxeitados.

### 3.2. Determinación do importe da subvención

O importe da subvención será de 100 euros por cada can adoptado.

### Base 4. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutrassubvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesmafinalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A concorrenciaao presente programa será compatible coa solicitudenoutras convocatorias de subvencións se así o establecen as súas bases específicas.

### Base 5. Entidades solicitantes

Poderán solicitar as subvenciónsneste programa calquerpersoa física ouxurídica que non se atope inhabilitado para a tenza de animais de compañía ou que non haxa sido sancionado pola comisión de infraccións graves oumoi graves en materia de benestar animal.

### Base 6. Requisitos e obrigas das entidades solicitantes

6.1. Estarenaocorrente das súasobrigas coa Facenda pública, co Concello de Outeiro de Rei e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.2. Non estaren incursas nas causas de incompatibilidadeou de incapacidade para seren beneficiarias oupercibiren as subvencións da administración pública dispostas no artigo 13 da LXS.

6.3. Non estaren inhabilitados para a tenza de animais e non haberen sido sancionados pola comisión de infraccións graves oumoi graves en materia de benestar animal.

6.4. Someterse aosprocedementos de control que poidan realizar a Intervención; o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contasoucalqueraoutro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Como resultado dos ditosprocedementospoderásellesesixirresponsabilidade administrativa, consontecodispostonaLei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidadeco Código penal.

### Base 7. Solicitudude

#### 7.1. Prazo e presentación de solicitudes:

As solicitudes axustaranseao formulario previsto no ANEXO I da convocatoria e presentaranse no rexistro do Concello de Outeiro de Rei.

Os prazos de presentación de solicitudes rematará o día 31 de decembro de 2023.

#### 7.2. Documentación das solicitudes:

A documentación da solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

Documento Nacional de Identidade do solicitante.

Certificación dos datos bancarios da entidade, mediante documento expedido e sellado polaentidadefinancieiracorrespondente.

Documento acreditativo da adopción do can.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazosen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

### Base 8. Resolución

#### 8.1. Valoración das solicitudes:

A selección das peticións e a contía das subvenciónsdeterminarase en fución dos seguintes criterios:

- Serán admitidas tódalas solicitudes que reúnan os requisitos indicados anteriormente.

## 8.2. Concesión

A concesión da subvención efectuarase por prioridade na presentación das solicitudes até o esgotamento do crédito orzamentario ou, de ser o caso, da súa ampliación.

A concesión o ingreso se efectuará ao longo do mes seguinte á presentación da solicitude.

A concesión da subvención será obxecto de notificación.

## Base 9. Xustificación e pagamentos

Coa finalidade de minorar as cargas administrativas non será necesario xustificar a subvención e presumirse que o importe concedido adicarse á alimentación do animal así coma á dispensación dos coidados veterinarios necesarios.

Tal presunción esixirá que o beneficiario manteña o can en adopción, polo menos durante catro meses e que durante dito período de tempo non cometa ningunha infracción administrativa en materia de benestar animal.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

## Base 10. Incumprimentos e reíntegro da subvención

O procedemento sancionador está regulado na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

O abandono do animal ou a súa tenza en deficientes condicións sanitarias nos catro anos posteriores á concesión da subvención implicará o incumprimento do fin da subvención e o reíntegro da contía concedida.

Asemade, o coñecemento sobrevido polo Concello de Outeiro de Rei da existencia de circunstancias incompatibles co outorgamento da subvención, determinará o nacemento da obriga de reíntegro.

## Base 11. Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Outeiro de Rei coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei <https://outeiroderei.sedelectronica.gal> ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o Concello pon a súa disposición un modelo de solicitude no apartado “Administración Xeral” – “Protección de datos”.

SEGUNDO- Aprobar a convocatoria da subvención en réxime de concurrencia competitiva, ordenando a súa publicación no BOP de Lugo e máis no taboleiro de edictos municipal.

## ANEXO

**SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS**

Don/Dona .....

con DNI nº ..... ; domicilio a efecto de notificacións

en ..... ; e teléfono: .....

Á vista das bases de subvención para fomentar a adopción de animais de compañía abandonados, publicadas no BOP de Lugo, e considerando que reúno os requisitos esixidosna convocatoria SOLICITO ao Concello de Outeiro de Reiooutorgamento da subvención para a alimentación e mantemento do seguinte animal abandonado e custodiado polo Concello de Outeiro de Rei:

Especie: .....

Nome: .....

Número de microchip: .....

**Asemade DECLARO RESPONSABLEMENTE**

I. Que estouaocorrente das súasobrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia tributaria de Galicia e co Concello de Outeiro de Rei, así como das súasobrigas coa Seguridad Social.

II. Que non estou incurso en ningunhaprohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembroxeral de subvencións, que impiden obter a condición de beneficiario oentidade colaboradora de subvencións.

III. Que en relación con outrasaxudasou ingresos públicos ou privados, procedentes de calquera administración pública oentidade privada, a entidade que represento:

NON solicitououtrasaxudas para a mesmafinalidade

SÍ solicitou as seguintesaxudas para esta mesmafinalidade

Administración oentidade á que solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

**AUTORIZACIÓN PARA A CONSULTA DE DATOS NA AEAT**

De conformidadeco establecido naLei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitosdixitais, AUTORIZO EXPRESAMENTE AO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, a comprobar e solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) os datos relativos aocumprimento das obrigas tributarias que obren namesma respecto á entidade representada.

A presente autorización é única e exclusivamente para os trámites relacionados coa tramitación da subvención solicitada.

En Outeiro de Rei, a ..... de ..... de 2023

Asdo.: .....

Outeiro de Rei, 31 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0289

## TABOADA

### Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 25 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 15 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR E 1 LIMPADOR/A POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN PREVISTA NAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

Conforme as BASES POLAS QUE SE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS PARA A SELECCIÓN DE 15 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR E 1 LIMPADOR/A POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN PREVISTA NAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 14 de novembro de 2022 publicadas no BOP de Lugo nº 262 de data 16 de novembro de 2022 e examinados os expedientes dos aspirantes **ACORDO:**

#### Acordo:

**Primeiro:** Aprobar a lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos PARA A SELECCIÓN DE 15 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR na seguinte relación.

#### 1. Admitidos

NOME	DNI
BALBOA OURO MARIA CARMEN	***9459**
CARBALLO GARCÍA MARIA RAQUEL	***1771**
CONDE COBAS PATRICIA MARIA	***5418**
DIEGUEZ NOVO MARIA JOSEFA	***2044**
FERNANDEZ COUTIÑO LUZ DIVINA	***9629**
FERNANDEZ COUTIÑO AURORA	***6848**
FERNANDEZ GAMALLO CELIA	***1811**
FERNANDEZ MARTIN ALBA	***4896**
FERNANDEZ VAZQUEZ MONICA	***2009**
GARCIA REGUEIRA MARIA ISABEL	***6874**
GAYOSO MEILAN MARIA JESUS	***1970**
LOPEZ GARCIA MARTA	***4551**
LOPEZ LEDO ANA PAULA	***1662**
MOREIRAS QUINTAS CONCEPCION	***4075**
PERNAS PORTO MARIA GORETI	***6246**
PORTO VÁZQUEZ MARIA JESUS	***0752**
VAZQUEZ DIEGUEZ MARTA	***4850**

**2.- Excluídos**

Ningún.

**Segundo:** Nomear ao Tribuna do proceso SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE 15 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR que estará integrado por:

Titulares:

Presidenta: Dolores Rodríguez Gómez. Funcionaria. Traballadora Social do Concello de Taboada.

Secretaria: Nadia Díaz Vázquez. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora da Agrupación Taboada-Guntín.

Vogal 1º: José Manuel Fernández López. Funcionario. Técnico de Xestión do concello de Taboada.

Vogal 2º: David Criado Taboada. Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretario-Interventor do Concello de Agolada.

Vogal 3º: María JesúsGrandío Río . Laboral Fixo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

Axudante administrativa: Lorena García Osorio. Funcionaria. Auxiliar Administrativa do Concello de Taboada.

Suplentes:

Presidente: Eduardo Fernández Arias. Funcionario Administrativo do Concello de Guntín.

Secretaria: Ana de la Torre Alvaredo. Laboral Fixo. Traballadora Social do Concello de Sober..

Vogal 1º: Miguel Basadre Vázquez . Laboral fixo. Informador Xuvenil do Concello de Guntín.

Vogal 2º: Carlos Losada Rodríguez. Laboral fixo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Vogal 3º: Beatriz Vivirido Quevedo. Laboral Fixo. Orientadora Laboral do Concello de Sober.

**Terceiro::** Nomear ao Tribuna do proceso SELECTIVO PARA A SELECCIÓN 1 LIMPADOR/A que estará integrado por:

Titulares:

Presidente: : David Criado Taboada. Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretario-Interventor do Concello de Agolada.

Secretaria: Nadia Díaz Vázquez. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora da Agrupación Taboada-Guntín.

Vogal 1º: José Manuel Fernández López. Funcionario. Técnico de Xestión do concello de Taboada.

Vogal 2º: María Belén Vázquez Cagide, Funcionaria. Auxiliar Administrativa do Concello de Taboada.

Vogal 3º: Dolores Rodríguez Gómez. Funcionaria. Traballadora Social do Concello de Sober.

Axudante administrativa: Lorena García Osorio. Funcionaria. Auxiliar Administrativa do Concello de Taboada.

Suplentes:

Presidente: María JesúsGrandío Río . Laboral Fixo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

Secretaria: Ana de la Torre Alvaredo. Laboral Fixo. Traballadora Social do Concello de Sober..

Vogal 1º: : Eduardo Fernández Arias. Funcionario Administrativo do Concello de Guntín.

Vogal 2º: Miguel Basadre Vázquez . Laboral fixo. Informador Xuvenil do Concello de Guntín..

Vogal 3º: Marta Corral Moreira. Laboral Fixo. Traballadora Social do Concello de Guntín.

**Cuarto:** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Taboada ([www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)).

**Quinto:** Dar conta desta Resolución na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre.

Taboada, 30 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0290



*Anuncio*

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 25 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE DE 6 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL PREVISTA NO ARTIGO 2 E DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

Conforme BASES POLAS QUE SE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS PARA A SELECCIÓN DE 6 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL PREVISTA NO ARTIGO 2 E DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 14 de novembro de 2022 publicadas no BOP de Lugo nº 262 de data 16 de novembro de 2022 e examinadas as solicitudes presentadas **ACORDO:**

**Acordo:**

**Primeiro:** Aprobar a lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos PARA A SELECCIÓN DE 6 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR na seguinte relación.

**1. Admitidos**

ALMUÍÑA GUERREIRO MARIA CRUZ	***5340**
BALBOA OURO MARIA CARMEN	***9459**
CAMBA MEIJOME MARIA ANGELES	***0977**
CORDEIRO ROQUEIRO MARIA MARGARITA	***1071**
FERNANDEZ MARTIN ALBA	***4896**
FERNANDEZ ULLOA NOELIA	***7266**
FONSECA GUIMARES VANDELEIA	***0904**
GAYOSO MEILAN MARIA JESUS	***1970**
LAMELA CORDERO ANA MARIA	***5568**
LOPEZ FERNANDEZ LAURA	***2220**
LOPEZ SOBRADO MARIA LUZ	***7832**
MOTA MOTA PORFIRIA	***8375**
NOGUEROL RUIBAL MANUELA	***1932**
OCHANDATEGUI AMIGO IRATXE	***5928**
OTERO RAMOS SUSANA	***5367**

**2.- Excluídos**

Ningún.

**Segundo:** Nomear ao Tribunal que estará integrado por:

Titulares:

Presidenta: Dolores Rodríguez Gómez. Funcionaria. Traballadora Social do Concello de Taboada.

Secretaria: Nadia Díaz Vázquez. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora da Agrupación Taboada-Guntín.

Vogal 1º: José Manuel Fernández López. Funcionario. Técnico de Xestión do concello de Taboada.

Vogal 2º: David Criado Taboada. Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretario-Interventor do Concello de Agolada.

Vogal 3º: María JesúsGrandío Río . Laboral Fixo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

Axudante administrativa: Lorena García Osorio. Funcionaria. Auxiliar Administrativa do Concello de Taboada.

Suplentes:

Presidente: Eduardo Fernández Arias. Funcionario Administrativo do Concello de Guntín.

Secretaria: Ana de la Torre Alvaredo. Laboral Fixo. Traballadora Social do Concello de Sober..

Vogal 1º: Miguel Basadre Vázquez . Laboral fixo. Informador Xuvenil do Concello de Guntín.

Vogal 2º: Carlos Losada Rodríguez. Laboral fixo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Vogal 3º: Beatriz Vivirido Quevedo. Laboral Fixo. Orientadora Laboral do Concello de Sober.

**Terceiro:** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Taboada ([www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)).

**Cuarto:** Dar conta desta Resolución na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre.

Taboada, 30 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0291

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de 25.01.2023 aprobou convocatoria e POR Resolución de alcaldía de data 30.01.2023 aprobou as "BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL A XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN MÁXIMA DE 6 MESES COMO PERSOAL TEMPORAL AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS DA XUNTA DE GALICIA PARA TRANSFERENCIAS FINALISTAS PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL REGULADA NO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO E A CREACIÓN DE NOVA BOLSA DE RESERVA DE VALIDEZ DURANTE 6 MESES".

- Modalidade contratación: A modalidade do contrato será laboral temporal e a súa duración será como máximo de 6 meses na modalidade aumento de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-lei 32/2021.
- Xornada: completa.
- Prazo presentación solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.
- Salario: retribución bruta mensual de 1.532,82 € incluíndo o rateo das pagas extras.
- Funcións: as que se especifican nas Bases antes citadas.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web : [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)
- oficinas xerais e taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 31 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0292

## O VALADOURO

### *Anuncio*

Nomeamento de funcionario interino

Mediante Resolución de Alcaldía nº 499/2022 de data 14/12/2022, unha vez finalizado o proceso selectivo, nomeouse a Marcos Copa Maseda, con DNI \*\*\*\*7118\*, para desempeñar o posto de traballo de operario de servizos múltiples, pertencente á Escala de Administración Especial, Grupo C Subgrupo C2, como persoal funcionario en réxime de interinidade de acordoco establecido no artigo 10.1.b) do Real Decreto 5/2015, do 30

de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, mentres dure a situación de baixa por enfermidade común do traballador titular da praza.

O Valadouro, 25 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0293

---

### *Anuncio*

Nomeamento de funcionario interino

Mediante Resolución de Alcaldía nº 22/2023 de data 25/01/2023, unha vez finalizado o proceso selectivo, nomeouse a Francisco Barreira Goas, con DNI \*\*\*\*0075\*, para desempeñar o posto de traballo de operario de servizos múltiples, pertencente á Escala de Administración Especial, Grupo C Subgrupo C2, como persoal funcionario en réxime de interinidade de acordoco establecido no artigo 10.1.b) do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, mentres dure a situación de baixa por enfermidade común do traballador titular da praza.

O Valadouro, 25 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0294

---

## O VICEDO

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 21 de decembro de 2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de decembro de 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 26 de decembro do 2022.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0295

---